

MIÑA GUÍA, MEU CAPITÁN

Texto de GONZALO MOURE

Ilustracións de MARIA GIRÓN

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartón. 24,5 x 21,5 cm. 40 páx. 16 €

PREMIO FUNDACIÓN CUATROGATOS 2021
SELECCIÓN IBBY 2023 PARA MOZAS E MOZOS CON DISCAPACIDADE
OS MELLORES LIBROS 2020 (BIBLIOTECA PÚBLICA DE NOVA YORK)

Miña Guía, Meu Capitán (galego)

ISBN 978-84-1343-030-0. Álbum ilustrado. MareMar.

MI Lazarilla, MI Capitán (castelán)

ISBN 978-84-1343-031-7. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

La meva Guia, el meu Capità (català)

ISBN 978-84-16804-96-2. Àlbum il·lustrat. Obres d'autor/a.

Ene Itsugidari, Ene Kapitain (euskara)

ISBN 978-84-9172-187-1. Album irudidunak. Egile lanak.

Minha Guia, Meu Capitão (português)

ISBN 978-989-749-172-6. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

La mia Pilota, Il mio Capitano (italiano)

ISBN 978-84-1343-257-1. Albo illustrato. Gli albi di autore.

*Camiño da escola, papá mais eu avanzamos por unha selva
de luces e sombras. E de sons.*

Xoñamos a acertar coches-animais:

–Ese é un Panda.

–*Escoita! Un Escaravello!*

–Un Xaguar!

–*Creo que oín un Seat León.*

*E soñamos con oír un día un Chevrolet Impala
ou un Ford Mustang a galopar pola cidade!*

Emoción e beleza, o fondo amor entre un pai e unha filla,
ou a capacidade para ver máis aló das limitacións visuais
están presentes neste libro. Porque vivir na escuridade
ou ter un campo de visión reducido non ten por que impedir
o desenvolvemento dunha vida plena que, como no caso
destes personaxes, converte o traxecto á escola nunha aventura
onde a cidade se transforma nunha selva con criaturas
e sons fascinantes, ou un paso de peóns na ponte
sobre un caudaloso río.

«Miña Guía, Meu Capitán» transmite tenrura e admiración entre
a nena e o seu pai porque necesítanse para camiñar seguros
por un mundo máis habitable e fermoso, repleto de soños.
Ademais do coidado mutuo, tamén reflicte os pensamentos
da cativa, as súas dúbidas e a súa especial sensibilidade.

Este texto de Gonzalo Moure, que combina a estrutura dialogada
co relato introspectivo, transcorre nun escenario urbano cheo
de luz e ledicia que María Girón *coloniza* con animais salvaxes,
tenros e simpáticos, adorables compañeiros de camiñada
que habitan na imaxinación da pequena protagonista.



■ **Temática:** relato do traxecto á escola dun pai e da
súa filla.

■ **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.

■ **Aspectos destacables:** discapacidade visual,
integración, superación; emocións; familia,
coidados; imaxinación; do autor de «¿Por qué
llora la maestra?»; de «Bim Bam Bum» (XVII Premio
Compostela) e «Cinco ratíños» e ilustradora de
«Os migrantes», «Cos brazos abertos» e «Paraules
de caramelo» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/minha-guia-meu-capitan-g>

Gonzalo Moure

(Valencia, 1951)

Xornalista e escritor. Recibiu os principais
recoñecementos na literatura infantil e xuvenil: Premio
Cervantes Chico 2017 polo conxunto da súa obra, Gran
Angular 2003, Ala Delta 2001, El Barco de Vapor 1995,
Lista de Honra IBBY 1993 e 1991, The White Ravens...
A súa escrita destaca polo compromiso social: o pobo
saharauí e os autobuses Bubishi, os dereitos da
infancia, a igualdade ou o medio ambiente. Compaxina
a creación literaria coa visita a centros educativos,
bibliotecas e clubs de lectura impartindo charlas sobre
os seus libros.

<http://www.gonzalomouretrenor.es>

María Girón

(Barcelona, 1983)

Estudou Belas Artes na Universidade de Barcelona,
completou a súa formación en Bolonia e Sevilla e, de
volta na Cidade Condal, especializouse en ilustración
na Escola Llotja. Ilustrou numerosos libros que foron
traducidos a distintas linguas. En 2010 foi
seleccionada pola Feira Internacional do Libro Infantil
e Xuvenil de Bolonia para participar nunha exposición
colectiva sobre Gianni Rodari. Para esta mesma feira
volveu colaborar, en 2017, noutra mostra dedicada á
cultura catalá. Con «Bim Bam Bum» gañou o XVII Premio
Internacional Compostela de Álbum Ilustrado.

<https://www.instagram.com/mariagiron.lou/>

